

RESOLUCIÓN CONCELEIRA DELEGADA

ASUNTO: PROGRAMA MUNICIPAL RESPIRA PARA O FOMENTO DA CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, LABORAL E FAMILIAR. XULLO-AGOSTO 2026

EXPEDIENTE DE ORIXE N° 2026/S012/000001.

EXPEDIENTE DECRETO: 2026/G003/000564

ANTECEDENTES:

Considerando o expediente tramitado o efecto.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, e en virtude da delegación outorgada no seu día **RESOLVO:**

PRIMEIRO.-Aprobar as BASES DE SELECCIÓN DO PROGRAMA MUNICIPAL “RESPIRA” PARA O FOMENTO DA CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, LABORAL E FAMILIAR. XULLO-AGOSTO 2026, que de seguido literalmente se transcriben:

“BASES DE SELECCIÓN DO PROGRAMA MUNICIPAL “RESPIRA” PARA O FOMENTO DA CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, LABORAL E FAMILIAR. XULLO-AGOSTO 2026

BASES DE SELECCIÓN DO PROGRAMA MUNICIPAL “RESPIRA” PARA O FOMENTO DA CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, LABORAL E FAMILIAR. XULLO-AGOSTO 2026

O programa “Respira 2026” é una oferta lúdico-educativa durante o período vacacional a través da cal o Concello de Cee trata de fomentar a corresponsabilidade entre mulleres e homes facilitando a conciliación dos tempos persoais, laborais e familiares así como a incorporación da perspectiva de xénero para fomentar a igualdade nas nenas e nenos participantes nesta actividade.

1. OBXECTO:

O obxecto das presentes bases consistirá en establecer as pautas para a selección das persoas participantes no programa “RESPIRA 2026”.

2. PERSOAS DESTINARIAS:

O programa está dirixido a familias nas que **toda a unidade familiar estea empadroadas no Concello de Cee**, con menores con idades comprendidas entre os 3 e os 10 anos; que estiveran matriculados no primeiro curso do segundo ciclo de Educación Infantil ou Primaria durante o curso 2025-2026.

En canto ás idades mínimas e máximas para participar no Programa “RESPIRA 2026”, as persoas destinatarias deberán ter cumpridos os 3 anos na data de inicio do programa e non poderán cumprir os 11 anos durante o desenvolvemento do programa.

3. LUGAR, PRAZAS, PERÍODO DE REALIZACIÓN, E HORARIO:

O programa “RESPIRA 2026” desenvolverase no CEIP Vila de Cee desde o 6 de xullo ao 31 de agosto, e distribuirase nas seguintes quendas:

- Primeira quenda: do 6 ao 17 de xullo (10 días).
- Segunda quenda: do 20 ao 31 de xullo (10 días).
- Terceira quenda: do 3 ao 14 de agosto (10 días).
- Cuarta quenda: do 17 ao 31 de agosto (11 días).

O programa levarase a cabo de luns a venres, durante os meses de xullo e agosto, excepto

festivos.

O servizo prestarase, con carácter xeral, seguindo a ratio mínima de un/a monitor/a por cada dez participantes.

Non obstante, cando entre os participantes existan casos que presenten necesidades específicas de apoio ou calquera outra circunstancia que requira dunha atención individualizada; a organización poderá adaptar dita ratio, priorizando unha atención axeitada e a inclusión das persoas participantes.

Por este motivo, o número definitivo de prazas ofertadas poderá axustarse en función das necesidades de atención e apoio que presenten as persoas admitidas, así como dos recursos humanos dispoñibles.

O horario ordinario do programa será de mañá, de 10:00 a 14:00 horas, existindo un horario extraordinario de entrada entre as 08:00 e as 10:00. (**con 20 prazas dispoñibles**).

Aquelas familias que precisen por motivos de conciliación facer uso do horario extraordinario deberán indicalo na solicitude (ANEXO I) no apartado "horario solicitado" e xustificar a súa necesidade documentalmente segundo o indicado no apartado 5.1.

4. CRITERIOS DE VALORACIÓN:

As solicitudes serán valoradas en base aos seguintes criterios:

CRITERIOS	PUNTUACIÓN
SITUACIÓN LABORAL <i>Inclúese neste epígrafe a asistencia a cursos de formación impartidos dentro da formación para persoas desempregadas das distintas administración públicas; e/ou a promesa de contrato de traballo con compromiso de acreditar o contrato de traballo ao inicio do programa.</i>	
Unidades familiares nas que ambos proxenitores/titores/acolledores teñan relación laboral en horario de mañá (e sen posibilidade de vacacións no período solicitado). No suposto de separación, divorcio ou familias monoparentais atenderase a que este requisito se cumpra respecto do proxenitor que se atope a cargo do/a menor.	10p
Unidades familiares nas que un dos proxenitores/titores/acolledores teña relación laboral en horario laboral coincidente co desenvolvemento da actividade. (Incompatible coa puntuación do apartado anterior).	5p
SITUACIÓN SOCIOFAMILIAR <i>Acreditadas documentalmente.</i>	
Familias monoparentais.	2p
Vítimas de violencia de xénero e outras formas de violencia contra a muller.	3p
Unidades familiares nas que existan outras cargas relacionadas cos coidados.	2p
Unidades familiares con rendas inferiores a 3 veces o IPREM.	4p
Calquera outra situación na unidade familiar que implique risco ou vulnerabilidade no ámbito familiar, social ou laboral.	2p
Familias numerosas.	2p
Discapacidade da persoa participante igual ou superior ó 33%.	2p

Para a valoración das situacións anteriores terase en conta as seguintes circunstancias:

Para os efectos de valoración entenderase por unidade familiar ao conxunto formado no momento da solicitude polo/a menor solicitante, os seus irmáns/ás menores de idade **que convivan**

no mesmo domicilio, e as persoas proxenitoras responsables legais que teñan atribuída a garda e custodia, tutela ou acollemento.

Atenderase á seguinte casuística á hora de considerar a unidade familiar:

- **Custodia compartida ou conxunta:** teranse en conta os ingresos de ambos proxenitores, independentemente do empadramento.
- **Custodia exclusiva dun só proxenitor:** computaranse unicamente os ingresos do proxenitor custodio. Para iso, deberá achegarse documentación acreditativa (auto xudicial de medidas paterno-filiais, convenio regulador aprobado xudicialmente, resolución administrativa ou outra documentación legalmente válida).
- **Situacións diferentes ás anteriormente descritas:** en casos nos que non exista resolución xudicial, computaranse os ingresos de ambos proxenitores salvo que se achegue, por parte do proxenitor que figura como representante legal do/a menor, algún dos seguintes documentos:
 - Copia da demanda para o establecemento de medidas paterno-filiais presentada ante o xulgado.
 - Copia dunha resolución xudicial que recoñeza o impago da pensión de alimentos.

Para obter a puntuación de familiares con rendas inferiores a 3 veces o IPREM., valorarase a situación económica da familia calculando a suma da base impositiva xeral e a base impositiva do aforro da declaración do IRPF do último exercicio fiscal dispoñible (EXERCICIO 2024). A cifra resultante dividirase polo número total de membros da unidade familiar para obter a renda per cápita.

No caso de que as persoas non estean obrigadas a presentar a declaración do IRPF, consultarase o certificado de imputación do IRPF do último exercicio fiscal dispoñible (EXERCICIO 2024). Para estes efectos, sumaranse os rendementos do traballo, capital inmobiliario e beneficios patrimoniais, ós que se lle restarán os gastos deducibles de obra no dito período.

Os requisitos deben cumprirse antes do inicio da data de presentación de solicitudes, só serán valorados documentos con data anterior ao 4 de xuño de 2026.

Para xustificar outras situacións da unidade familiar que implique risco ou vulnerabilidade no ámbito familiar, social ou laboral será perceptivo o informe emitido polo persoal técnico dos servizos sociais municipais.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN NECESARIA:

As solicitudes formularanse mediante instancia subscripta pola/s persoa/s interesada/s (nai, pai e/ou titor/a legal) segundo o modelo específico (ANEXO I). A presentación da solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para a comprobación dos datos que constan na mesma ante os organismos ou entidades correspondentes.

5.1 Documentación obrigatoria a presentar:

- Formulario de solicitude (ANEXO I)
- Fotocopia do libro de familia ou rexistro civil.
- Autorización para que a administración local poida comprobar os datos no padrón municipal do Concello de Cee (ANEXO I), ou no seu defecto, volante de empadramento conxunto que acredite a residencia da unidade familiar no Concello de Cee.
- Xustificante dos ingresos dos membros da unidade familiar (declaración do IRPF do último exercicio fiscal dispoñible -EXERCICIO 2024- de todos os membros se non é conxunta; ou certificado de imputacións do IRPF expedido pola Axencia Tributaria, do exercicio 2024).
- Informe da empresa ou empregador/a conforme un ou ambos proxenitores, ou a/s persoa/s que ostente/n a custodia **traballa/n no período solicitado para o “RESPIRA 2026”**. No caso de emprego autónomo, achegarse declaración responsable nos mesmos termos, xunto co

último recibo trimestral que acredite a súa situación. O informe debe recoller o **horario** de traballo así como que no período do programa non se atopará en **período vacacional** ou sometido a ERTE ou ERE. Achegarase de igual xeito a **vida laboral actualizada** no mes da solicitude.

- No caso persoas participantes escolarizadas en cursos de segundo ciclo de educación infantil, copia da matrícula ou certificado que acredite a súa escolarización durante o curso 2025/2026.

5.2 Documentación a presentar segundo circunstancias sociofamiliares:

- De ser o caso, fotocopia do certificado de discapacidade superior ao 33%.
- No caso de familia monoparental, copia do certificado de familia monoparental emitido pola Xunta de Galicia.
- No caso de separación ou divorcio, documentación acreditativa e declaración xurada de estar ó cargo do menor no período solicitado.
- No caso de familia numerosa, copia do título de familia numerosa.
- No caso de vítima de violencia de xénero, documentación acreditativa.
- No caso de unidades familiares en que existan outras cargas relacionadas cos coidados: resolución de discapacidade con necesidade de terceira persoa, resolución de dependencia ou informe dos servizos sociais que acredite dita situación.
- Informe emitido polo persoal técnico dos servizos sociais municipais que valore a situación de risco ou vulnerabilidade no ámbito familiar, social ou laboral.

6. PRAZO DE SOLICITUDE

6.1 Lugar e prazo presentación de solicitudes:

As solicitudes poderán presentarse dende o **día 5 de xuño ao 19 de xuño** (ambos inclusive), a través do impreso específico para esta convocatoria (ANEXO I), asinado pola persoa solicitante (nai/pai/titor/a) no que se especificará o nome do menor (cubrir un impreso por cada menor), acompañado pola documentación correspondente. Os impresos serán facilitados no departamento de Servizos sociais, CIM ou poderase acceder a eles a través de la páxina web municipal.

Deberán ser presentadas no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro e demais normativa de desenvolvemento. No caso de presentación de solicitudes por correo ordinario, a/o solicitante terá que comunicalo dentro do prazo establecido, vía correo electrónico ao rexistro municipal do Concello de Cee (dpd@cee.gal).

6.2. Prazo de subsanación:

Finalizado o prazo de solicitudes establecido, realizarase a comprobación da documentación presentada polas persoas solicitantes. Publicarase unha relación provisional de admitidos e excluídos nas diferentes quendas, indicando o motivo da exclusión. Concederase un prazo de 3 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación da lista provisional para emendar a falta de documentación ou a presentación de alegacións. Transcorrido o prazo anterior, resolverase a listaxe definitiva de admitidos así como a publicación de listado de agarda si procede.

7. ADXUDICACIÓN DE PRAZAS.

No caso de que as solicitudes sexan inferiores ao número de prazas ofertadas, realizarase a adxudicación directa ás persoas solicitantes que cumpran os requisitos recollidos nas bases.

No caso de que as solicitudes superen as prazas ofertadas, asignarase a praza en función da maior puntuación obtida seguindo os criterios de valoración recollidos no punto 4. De proseguir o empate, as prazas serán asignadas polo orde de presentación das solicitudes no rexistro de entrada.

As solicitudes que, presentadas dentro do prazo ordinario e tras a súa valoración, non obteñan praza, pasarán a integrar unha lista de agarda seguindo esta mesma orde de preferencia.

As vacantes que se produzan antes do inicio ou durante o desenvolvemento da actividade cubriranse seguindo a orde establecida nas correspondente lista de agarda.

Non se contempla a apertura dun prazo extraordinario de presentación de solicitudes, polo que unicamente formarán parte das listas de agarda aquelas solicitudes presentadas dentro do prazo ordinario establecido nestas bases.

8. PUBLICACIÓN

As listas de admitidos e excluídos, así como a lista de agarda, de ser o caso, serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello de Cee habilitado na Sede electrónica deste organismo e na páxina web municipal con carácter informativo.

9. COMISIÓN DE VALORACIÓN

A comprobación dos criterios de selección e da documentación aportada será realizada por unha comisión de valoración que instruirá o procedemento de concesión do servizo, revisará a documentación e verificará o cumprimento de todos os requisitos así como a presentación da documentación obrigatoria establecida na convocatoria. Estará constituída polos seguintes membros:

Dita comisión de baremación estará integrada polos seguintes membros:

- Presidenta Titular: ROSARIO PAZ REY. (Persoal Laboral Concello de Cee)
- Presidenta Suplente: ISABEL CASTIÑEIRAS BOUZAS (Persoal Laboral Concello de Cee)
- Secretaria Titular ÉRIKA VÁZQUEZ SANJURJO (Persoal Laboral Concello de Cee)
- Secretaria suplente: MANUEL CALO CANOSA (Persoal Laboral Concello de Cee)
- 1ª Vogal Titular: Mª LUISA RODRIGUEZ RIVEIRO (Concelleira Servizo Sociais)
- 1ª Vogal Suplente: CARMEN RODIÑO BLANCO (Persoal Laboral Concello de Cee)

10. NORMAS DE FUNCIONAMENTO.

1. As crianzas que acudan ao Programa Respira NON DEBEN de ter ningunha enfermidade infecto contaxiosa, nin tampouco febre e/ou vómitos.
2. As/os monitoras/es NON ADMINISTRARÁN ningún tipo de medicamento
3. Os horarios de entrada e saída deben respectarse en todo momento, coa finalidade de non interromper as actividades unha vez comezadas, polo que se prega a maior puntualidade posible.
4. A entrega e recollida das crianzas farase na entrada do recinto ou onde o/a monitor/a o indiquen.
5. Recoméndase o uso de roupa e calzado cómodo e gorra.
6. É recomendable poñerlle crema de protección solar, antes de saír da casa.
7. Deberán traer algo de merenda e unha botella de auga.
8. Si existen TRES FALTAS SEN XUSTIFICAR, serán motivo de BAIXA NO PROGRAMA.
9. No caso de algunha emerxencia médica, COMUNICARASE INMEDIATAMENTE Á FAMILIA, a través dos teléfonos de contacto que consten na solicitude. No caso de que a emerxencia fose grave, avisaríase primeiramente, ós servizos médicos de urxencias. Acudirán ao servizo médico acompañados por un/ha monitor/a.
10. As familias serán responsables de revisar os períodos de participación concedidos. O concello non realizará avisos individuais sobre o inicio das quendas asignadas.

11. BAIXA NO PROGRAMA.

Produciranse baixas no programa polas seguintes causas:

- a) Desestimento, é dicir, baixa voluntaria do/a beneficiario/a no programa por renuncia expresa dos seus proxenitores ou titores/as legais mediante presentación do Anexo II.
- b) A comprobación de falsidade na documentación ou datos achegados, con independencia das infraccións administrativas e/ou penais que a devandita conduta constituía.

- c) Existencia de tres faltas sen xustificar.
- d) O incumprimento reiterado das normas de funcionamento e/ou dos deberes establecidos, especialmente no relativo ás normas de convivencia, respecto e consideración do persoal Técnico, das e dos participantes e das familias, previa emisión do correspondente informe.

O procedemento básico para unha baixa polos motivos b), c) ou d); incluíra unha audiencia previa ás nais, pais ou responsables legais, e comunicáraselle por escrito do concello onde se concrete a causa.

12. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), infórmase que os datos de carácter persoal facilitados a través dos diferentes formularios serán tratados polo CONCELLO DE CEE, con CIF P1502300E e enderezo en Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n, 15270 Cee (A Coruña) como Responsable do Tratamento e serán incorporados á Área de Servizos Sociais ao departamento do CIM á cal van dirixidas as solicitudes. A finalidade do tratamento é a inclusión do interesado no programa municipal "Respira 2026" para o fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar.

Os datos serán tratados de maneira confidencial e só serán cedidos a outras entidades cando sexa necesario para levar a cabo a actividade que vostede nos solicita. O tratamento dos datos das instancias de solicitude fundamenta está baseado no art. 6.1 e) do RXPd: "en cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos a este Concello.

No apartado dos consentimentos específicos o tratamento dos datos está baseado no art. 6.1 a) "O interesado dou o seu consentimento para un ou varios fins"; así como no art. 6.1 d) "o tratamento é necesario para protexer intereses vitais do interesado e doutra persoa física". Nestes casos, o interesado terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento. A difusión de imaxes na páxina da entidade, en prensa e RRSS suporá unha comunicación de datos a terceiros atendendo á natureza e funcionamento destes servizos.

Os datos persoais aquí facilitados conservaranse durante o prazo necesario para o fin para o que foron recollidos ou, no seu caso, para o cumprimento das obrigacións legais que deriven do mesmo. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, nos termos previstos na precitada Lei, mediante comunicación escrita dirixida ao responsable do tratamento: Concello de Cee, con dirección en Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n, 15270 Cee (A Coruña) ou a través da sede electrónica <https://sede.cee.gal>. Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo dpd@cee.gal ou consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello accedendo ao seguinte enlace <https://cee.gal/es/privacidade/documento>.

En CEE, na data da sinatura electrónica.

A concelleira delegada en funcións, M^a Luisa Rodríguez Riveiro
[Documento asinado electrónicamente]

ANEXO I – SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA PARTICIPANTE:

NOME E APELIDOS:	
DATA DE NACEMENTO:	
QUENDA/S ESCOLLIDA/S:	<input type="checkbox"/> 1ª quenda (06 ao 17 de xullo) <input type="checkbox"/> 2ª quenda (20 ao 31 de xullo) <input type="checkbox"/> 3ª quenda (03 ao 14 de agosto) <input type="checkbox"/> 4ª quenda (17 ao 31 de agosto)
ALERXIAS OU ENFERMIDADES:	<input type="checkbox"/> SI (Acreditadas por informe médico) <input type="checkbox"/> NON
DISCAPACIDADE	<input type="checkbox"/> SI (Acheha certificado discapacidade) <input type="checkbox"/> NON
EMPADROAMENTO EN CEE	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
MATRICULACIÓN NO CURSO 2025/2026	<input type="checkbox"/> SI (Acheha copia de matrícula ou certificado de escolarización) <input type="checkbox"/> NON
INDICAR SI PRECISA HORARIO EXTRAORDINARIO DE ENTRADA:	
<input type="checkbox"/> 08:00h	<input type="checkbox"/> 08:30h
<input type="checkbox"/> 09:00h	<input type="checkbox"/> 09:30h

DATOS DAS PERSOAS SOLICITANTES:

SOLICITANTE 1: NAI/PAI/TITOR/A LEGAL	
NOME E APELIDOS:	
DNI/NIE:	
CORREO ELECTRÓNICO:	
TELÉFONO DE CONTACTO:	
TRABALLO NO HORARIO E PERÍODO SOLICITADO	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
SOLICITANTE 2: NAI/PAI/TITOR/A LEGAL	
NOME E APELIDOS:	
DNI/NIE:	
CORREO ELECTRÓNICO:	
TELÉFONO DE CONTACTO:	
TRABALLO NO HORARIO E PERÍODO SOLICITADO	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON

RELACIÓN DE PERSOAS AUTORIZADAS Á RECOLLIDA DA PERSOA PARTICIPANTE (Diferentes ás persoas solicitantes)

NOME E APELIDOS	DNI/NIE
-----------------	---------

En Cee a de de 2026.

Asinado:* _____

**Ao asinar o documento ratifico que conto co consentimento e coñecemento da outra parte solicitante nai/pai/titor/a legal da persoa solicitante.*

De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), infórmase que os datos de carácter persoal facilitados a través do presente formulario serán tratados polo CONCELLO DE CEE, con CIF P1502300E con dirección en **Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n, 15270 Cee (A Coruña)** como Responsable do Tratamento e incorporados á Área de Servizos Sociais ao departamento do CIM á cal vaia dirixida a presente solicitude coa finalidade da inclusión do interesado no programa de conciliación "RESPIRA 2025". Os datos serán tratados de maneira confidencial e só serán cedidos a outras entidades cando sexa necesario para levar a cabo a actividade que vostede nos solicita. A presente instancia fundamenta o tratamento dos datos contidos nela, no art. 6.1 e) do RXP: "en cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos a este Concello"; así como no art. 6.1 d) "o tratamento é necesario para protexer intereses vitais do interesado e doutra persoa física". Os datos persoais aquí facilitados conservaranse durante o prazo necesario para o fin para o que foron recollidos ou, no seu caso, para o cumprimento das obrigacións legais que deriven do mesmo. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, nos termos previstos na precitada Lei, mediante comunicación escrita dirixida ao responsable do tratamento: Concello de Cee con dirección en Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n, 15270 Cee (A Coruña) ou a través da sede electrónica <https://sede.cee.gal>. Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo dpd@cee.gal ou consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello accedendo ao seguinte enlace <https://cee.gal/es/privacidade/>

AUTORIZACIÓNS:

Autorízase a comprobación dos datos da unidade familiar no padrón municipal do concello de Cee.	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
Autorízase ao concello de Cee a publicar (páxina web institucional, redes sociais, prensa) fotografías da persoa participante no "respira 2026", coa finalidade da divulgación do evento.	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
Autorízase a que a persoa participante poida facer algunha saída fora do recinto onde se desenvolva a actividade, previa comunicación por parte do monitorado.	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
Autorízase a calquera das/os monitoras/es a acompañar á persoa participante, en caso de emerxencia médica.	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA CON ESTA SOLICITUDE:

- Fotocopia do libro de familia ou rexistro civil.
- Volante de empadramento no Concello de Cee (no caso de non autorizar a súa consulta).

Exp. 2026/G003/000564

- Xustificante dos ingresos dos membros da unidade familiar (declaración do IRPF do último exercicio fiscal dispoñible -EXERCICIO 2024- de todos os membros se non é conxunta; ou certificado de imputacións do IRPF expedido pola Axencia Tributaria, do exercicio 2024).
- Informe da empresa ou empregador/a conforme un ou ambos proxenitores, ou a/s persoas/s que ostente/n a custodia **traballa/n no período solicitado para o “RESPIRA 2026”**. No caso de emprego autónomo, achegarase declaración responsable nos mesmos termos, xunto co último recibo trimestral que acredite a súa situación. O informe debe recoller o **horario** de traballo así como que no período do programa non se atopará en **período vacacional** ou sometido a ERTE ou ERE. Achegarase de igual xeito a **vida laboral actualizada** no mes da solicitude.
- No caso persoas participantes escolarizadas en cursos de segundo ciclo de educación infantil, copia da matrícula ou certificado que acredite a súa escolarización durante o curso 2025/2026.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA CIRCUNSTANCIAS SOCIOFAMILIARES (de ser o caso):

- No caso de persoas con discapacidade, fotocopia do certificado de grado de discapacidade superior ao 33%.
- No caso de familia monoparental, copia do certificado de familia monoparental emitido pola Xunta de Galicia.
- No caso de familia numerosa, copia do título que o acredite.
- No caso de vítima de violencia de xénero, documento acreditativo.
- No caso de unidades familiares en que existan outras cargas relacionadas cos coidados: resolución de discapacidade con necesidade de terceira persoa, resolución de dependencia ou informe dos servizos sociais que acredite dita situación.
- De ser o caso, Informe emitido polo persoal técnico dos servizos sociais municipais que valore a situación de risco ou vulnerabilidade no ámbito familiar, social ou laboral.
- No caso de ter algún tipo de alerxia, enfermidade ou afección de saúde, deberá achegarse un informe médico onde conste a diagnose e as actuacións previas ou posteriores a ter en conta. Se non se achegan, entenderase que non existen.

En Cee, a de de 2026.

Asinado:* _____

**Ao asinar o documento ratifico que conto co consentimento e coñecemento da outra parte solicitante nai/pai/titor/a legal da persoa solicitante.*

Información básica sobre protección de datos: (Lei orgánica 3/2018): Segundo o disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais (en diante, RGPD), e a Lei Orgánica de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, 3/2018 do 5 de decembro, así como o estipulado na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito á Honra, á Intimidade persoal e familiar e á Propia imaxe, o CONCELLO DE CEE, con CIF P1502300E e dirección en Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n, 15270 Cee (A Coruña) é o Responsable do Tratamento. A autorización para os usos arriba mencionados así como a licenza de uso da imaxe que o autorizante realiza neste acto e que se refírese exclusivamente ás fotografías e vídeos realizadas polo interesado, co exclusivo fin da difusión do programa e a súa xustificación, polo que o Concello de Cee poderán facer uso das imaxes aos únicos efectos antes mencionados. A base legal para o tratamento dos seus datos está fundada na

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

obtención do seu consentimento, mediante a súa clara acción afirmativa neste presente documento, de acordo co artigo 6.1.a de o RGPD. O interesado terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento. A difusión de imaxes na páxina institucional, prensa e RRSS suporá unha comunicación de datos a terceiros atendendo á natureza e funcionamento destes servizos. Así mesmo, poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación e oposición mediante escrito remitido á dirección do Responsable arriba indicada, solicitar máis información mediante correo electrónico á dirección dpd@cee.gal ou a través do Rexistro xeral do Concello incluíndo os seguintes datos: nome e apelidos do interesado, fotocopia do seu documento nacional de identidade, ou do seu pasaporte ou outro documento válido que o identifique e, no seu caso, da persoa que o represente, petición en que se concreta a solicitude, dirección a efectos de notificacións, data e firma do solicitante.

ANEXO II – FOLLA DE BAIXA

PROGRAMA MUNICIPAL PARA O FOMENTO DA CONCILIACIÓN. RESPIRA 2026

DATOS DAS PERSOAS SOLICITANTES:

SOLICITANTE: NAI/PAI/TITOR/A LEGAL	
NOME E APELIDOS:	
DNI/NIE:	
CORREO ELECTRÓNICO:	
TELÉFONO DE CONTACTO:	

SOLICITO:

A baixa no programa de Conciliación “RESPIRA 2026” da persoa participante cos seguintes datos:

NOME E APELIDOS:	
QUENDA/S NAS QUE SOLICITO A BAIXA:	<input type="checkbox"/> 1ª quenda (06 ao 17 de xullo) <input type="checkbox"/> 2ª quenda (20 ao 31 de xullo) <input type="checkbox"/> 3ª quenda (03 ao 14 de agosto) <input type="checkbox"/> 4ª quenda (17 ao 31 de agosto)

En Cee a _____, de _____ de 2026.

Asinado:* _____

**Ao asinar o documento ratifico que conto co consenmento e coñecemento da outra parte solicitante nai/pai/titor/a legal da persoa solicitante.*

De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais(LOPDGDD), infórmase que os datos de carácter persoal facilitados a través do presente formulario serán tratados polo CONCELLO DE CEE, con CIF P1502300E con dirección en **Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n, 15270 Cee (A Coruña)** como Responsable do Tratamento e incorporados á Área de Servizos Sociais ao departamento do CIM á cal vaia dirixida a presente solicitude coa finalidade do cese da participación do intersado no programa de conciliación “Respira 2025”. Os datos serán tratados de maneira confidencial e só serán cedidos a outras entidades cando sexa necesario para levar a cabo a actividade que vostede nos solicita. A presente instancia fundamenta o tratamento dos datos contidos nela, no art. 6.1 e) do RXPd: “en cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos a este Concello”. Os datos persoais aquí facilitados conservaranse durante o prazo necesario para o fin para o que foron recollidos ou, no seu caso, para o cumprimento das obrigacións legais que deriven do mesmo. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, nos termos previstos na precitada Lei, mediante comunicación escrita dirixida

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

ao responsable do tratamento: Concello de Cee con dirección en Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n, 15270 Cee (A Coruña) ou a través da sede electrónica <https://sede.cee.gal> . Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo dpd@cee.gal ou consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello accedendo ao seguinte enlace <https://cee.gal/es/privacidade/>”

SEGUNDO.- Que se proceda a súa publicación na páxina Web municipal e na Sede electrónica deste organismo no taboleiro habilitado e aos efectos oportunos.

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CEE, na data da sinatura electrónica.
A concelleira Delegada, *D^a M^a Luisa Rodríguez Riveiro*.
A secretaria, *Rocío Hermida Cancela*
[Documento asinado electrónicamente]